

UNITAT DIDÀCTICA 4

2n Trimestre

Nivell inicial

Onde o atopo?



Generalitat de Catalunya
Departament d'Educació

La portada ha estat dissenyada utilitzant imatges de Pexels. Autoria: [Tima Miroshnichenko](https://www.pexels.com/photo/compass-map-altimeter-1000000000/)

Programació didàctica

Curs Inicial: Optativa Llengua i literatura gallegues

El Curs Inicial de Llengua i literatura gallegues està dissenyat per implementar-se com a optativa d'ESO amb una càrrega setmanal de 2 hores lectives durant un curs acadèmic, i s'emmarca dins del Nivell A1 del [Marc europeu comú de referència per a les llengües](#):

El Nivell A1 (Inicial) es considera el nivell més baix de l'ús generatiu de la llengua: el punt en què l'aprenent ja pot interactuar d'una manera simple –preguntar i respondre preguntes sobre ell mateix, sobre el lloc on viu, sobre la gent que coneix i les coses que té; iniciar declaracions simples i reaccionar-hi en les àrees relatives a les necessitats immediates o a temes molt familiars– i no ha de confiar exclusivament en un repertori lèxic limitat i memoritzat de frases determinades per a situacions específiques.

Objectius didàctics del curs inicial de Llengua i literatura gallegues:

- Comprensió oral
 - Reconeix **paraules familiars** i expressions molt bàsiques sobre **temes propis de la família i l'entorn concret** i immediat, si la gent parla a poc a poc i amb claredat.
- Comprensió lectora
 - Compren **noms familiars**, paraules i frases molt senzilles; per exemple, les que apareixen en **anuncis, cartells i catàlegs**.
- Interacció oral
 - Es comunica de manera senzilla a condició **que l'interlocutor estigui disposat a repetir** el que ha dit o a dir-ho amb altres paraules i més a poc a poc i **que l'ajudi a formular el que intenta dir. Planteja i respon preguntes senzilles** sobre temes familiars o sobre temes relacionats amb necessitats immediates.
- Expressió oral
 - Utilitza expressions i frases senzilles per **descriure el lloc on viu i la gent que coneix**
- Expressió escrita
 - **Escriu postals** curtes i senzilles; per exemple, per **enviar felicitacions**. **Emplena formularis amb dades personals**; per exemple, el nom, la nacionalitat i l'adreça en una fitxa de registre d'hotel.

Unidade 4: Onde o atopo?



Curs	Trimestre	Número UD	Professor/a	Durada
1r	1r	4		12 hores
Activitats		Continguts		Criteris d'avaluació
Comprensió oral		Conversación oral entre dúas persoas que se atopan pola rúa e preguntan con léxico sinxelo para ir a algún sitio. Puntos cardinais.		Comprén frases senzilles que indiquen com arribar a un lloc.
Comprensió lectora		Comprensión de indicacións de orientación. Pronomes interrogativos, adverbios de lugar, nomes de posición e verbos relacionados		Comprén indicacions básicas sobre un mapa
Interacción oral		Como vou ata...? Onde está...? (planos de cidades galegas)		Pregunta i respon amb frases senzilles
Expressió oral		Localización de lugares, obxectos		Utilitza adverbis, pronomes interrogatius i noms sobre localització.
Expressió escrita		Diálogo ficticio por sistema de mensaxería preguntándolle a unha persoa como chegar á súa casa para que te oriente		Pot respondre amb el verb i utilitzar les fórmules de cortesia
Activitat de síntesi		Tots els recollits a les unitats 3 i 4 d'aquest curs		Resol correctament l'activitat proposada

Unidade 4: Onde o atopo?

Comprensión oral

A continuación vas escoitar un diálogo entre Lidia e Alberto. Lidia vai dar a Alberto unhas indicacións.

[AudioUD4Comprensión oral.aac - Google Drive](#)



Actividade 1

1. Volve escoitar o diálogo e enche os ocos coas palabras que faltan:

—Ola, Lidia!

—_____, Alberto! Que fas por Ares?

—Pois estou buscando a _____, vin na súa páxina web que teñen un libro que estou a buscar.

—Ah, moi ben, pois xusto eu veño dela.

—Poderíasme indicar por _____ se vai, que nunca fun?

—Ah, claro que si. Mira, tes que coller pola rúa maior ata a praza do Concello. Alí, _____ a primeira rúa á _____ e segues ata que remata, e vas atopar a praza da igrexa, e alí está a Biblioteca, un edificio modernista de cor _____.

—Moitas _____. Sabes a que hora pecha?

—Sei, si. Pecha ás 20h.

—Daquela vou con tempo.

—Se queres, cando remates da biblioteca podemos ir pasear polo _____.

—Que boa proposta! Vémonos logo.

—Ata logo!

Actividade 2

1. Busca en googlemaps a vila de Ares. Onde está situada? Escríbeo.
2. É certo que a Biblioteca de Ares está na praza da igrexa como di o diálogo?
3. Lidia e Alberto quedan para pasear polo *peirao*. Busca no diccionario que é un peirao. Ares ten peirao?

Comprensión lectora

☞ Queres visitar cos teus amigos algunha cidade, praia, lagoa, montaña ou aldea e non sabes como chegar? Imos practicar para que non te perdas e encontres o que desexas!

No compás ou na agulla de marear poderás atopar os puntos cardinais: norte, sur, leste e oeste.

Pronomes interrogativos

onde? → “onde podo atopar unha farmacia?”

u? → é de uso restrinxido, pero é interesante coñecelo; leva guión co artigo ao que precede: “*u-la moza?*” (= *onde está a moza*), pero non ante pronome: *o mozo, ¿ulo?*

Adverbios

algures → “en calquera lugar”: *estará algures*

ningures → “en ningún lugar”: *non o vin por ningures*

xalundes → “por calquera lugar”: *andaré por xalundes*

aquí, aí, alí → *entrou por aquí, pasou por aí e saíu por alí/ aló/alá*

acá, alá → “indican un lugar pouco determinado”

acó, aló → “ven acá”, “vai aló”: úsanse preferiblemente con verbos de movemento ou coas preposicións *para* e *cara*

acolá → “están acolá embaixo”, nun lugar algo arredado e amplo no espazo

abaixo, debaixo, embaixo / arriba, derriba, enriba, encima

adiante, avante, diante, en fronte / detrás

arredor, derredor, ao redor / preto, cerca / lonxe

dentro / entremedias / fóra

á beira, ao lado, ao pé, a carón, a rente(s) / a contramán

alén → “do lado de alá”: vive alén do paseo

aquén → “do lado de acá”: o coche teno aquén do río

velaquí → “velaquí está” / *velaí* → “velaí os tes”

preto de → “cerca”

lonxe de → “A unha gran distancia dun observador ou dun punto que se toma como referencia”

Nomes

estrada, paseo, rúa, avenida, praza, parque, fonte


Verbos

virar, xirar, camiñar, seguir, atopar, encontrar, dar con, coller

Actividade 3

Tedes que ler o seguinte texto e ver o plano de Lugo:

https://www.turismo.gal/osdam/filestore/2/0/5/2/4_7e0694a203296a9/20524_f8d4860cfa06107.pdf



Pedro chega á Estación de autobuses de Lugo e quere ir visitar a catedral da cidade. A súa irmá escribiulle nun papeleño as seguintes indicacións e deulle un pequeno plano da cidade:

“Sae da Estación de autobuses de Lugo polo noroeste e diríxete á Ronda da Muralla. Xira á dereita, pola rúa do Bispo Aguirre. Entra na muralla pola porta do Bispo Aguirre. Á dereita atoparás a praza Maior. Xira á esquerda ata chegares á Praza de Santa María, e alá atoparás a Catedral de Santa María.”

Pedro visita a catedral de Lugo e despois mándalle unha mensaxe a súa irmá porque quere ir tomar un café. Ela dálle as seguintes indicacións, que ti lerás e seguirás no mapa para teres a solución:

“Vai ata a praza Maior e sitúate en fronte da casa consistorial, cara a ela; vira á dereita e colle pola Rúa da Raíña, que é peonal, e camiña ata ao final. Tes que cruzar unha praza estreita e chegarás a unha rúa. Preto da cafetería onde eu tomaba o café cando era estudante atópase o edificio da Deputación. Cando chegues alá, mándame unha mensaxe co nome da rúa, que agora non me lembro dela, vale? Boa sorte!”

Como se chama a rúa á que chegou Pedro?

Interacción oral

Plano de Santiago de Compostela <https://drive.google.com/file/d/1II4Ek2AC-oUqIL4MlugbGILtu8wLzmIL/view?usp=sharing>

Plano de Vigo <https://drive.google.com/file/d/1ITFVB-O0NdqPj2g8ExCK25Kwzhxwacp4/view?usp=sharing>

Actividade 4

Esta actividade farase por parellas ou en grupos pequenos. Mirade ben o plano de dúas cidades galegas: Santiago de Compostela e Vigo. Podedes escoller o plano que máis vos guste.

Observade un punto en concreto de saída e outro de chegada e preguntádelle a un dos vosos compañeiros o camiño que podedes seguir ata chegar ao lugar que vos interese.

Exemplo

- Ola!
- Bo día!
- Poderíasme dicir o nome da Praza onde nos atopamos agora?
- Sí, é a Praza de Portugal.
- Por onde teño que ir para chegar ata a casa Bárcena?
- [Mirando o plano da cidade de Vigo] Tes que saír da Praza de Portugal en dirección oeste, cara ao Atlántico, pola Rúa de Urzaiz, que se converte na rúa do Príncipe; xira á dereita pola segunda rúa, que é a Velázquez Moreno, e no primeiro cruce coa avenida de García Barbón atoparás a casa Bárcena.

Actividade 5

Podedes buscar no google maps algunha cidade que coñezades e practicar un pouco máis a oralidade entre vós.

Exemplo

“Como podo ir ata a librería Laie de Barcelona dende a Praza de Cataluña?”

Expresión oral

A continuación faredes unha actividade cos vosos compañeiros de clase, por parellas ou en pequenos grupos. Tedes que utilizar o vocabulario do apartado de comprensión lectora. Buscádeo no dicionario da Real Academia Galega ou preguntádelle as dúbidas ao voso profesor ou á vosa profesora.

Actividade 6



Observade os obxectos que están na franxa superior do debuxo e indicade onde están situados.

libros, carteira, lámpada, pelota, torradora, caixa, caixa de cor violeta con tapadeira, cadro

Exemplo

“A alfombra está entre a cama e a cadeira de brazos. Tamén está diante da mesa do televisor.”

Actividade 7

Escollede un obxecto que teñades na aula (por exemplo, un bolígrafo). Situádeo en diferentes lugares e sinalade un compañeiro ou compañeira para que diga onde se atopa. Facede a actividade unha vez cada un como mínimo.


Exemplo

“O bolígrafo está no chan, preto da porta e lonxe da mesa.”

Expresión escrita

Perdéstesvos algunha vez e non soubestes chegar ao sitio que buscabades? Hoxe parece case imposible que non deamos chegado a un sitio tendo un móbil na man pero... e se quedásenos sen batería ou nos roubasen o móbil?, e se non nos funcionase a localización?, e se... e se nos apetecese preguntar para poder falar con alguén?

Mirade esta conversa, imaxinades que vos pasase a vós e quedásedes sen filloas?



Actividade 8 - *Diálogo por mensaxería*

Para poderes facer esta actividade tes que pedirlle o teléfono a un compañeiro ou compañeira, porque teredes que falar entre vós a través dalgunha aplicación de mensaxería instantánea.

A continuación tedes que imaxinar unha situación: ese compañeiro ou compañeira convidoute a súa casa e non dás chegado porque non te lembrás das indicacións que che deu ou simplemente porque te perdiches.

1. Exponlle a situación ao teu compañeiro ou compañeira. Cántalle que te perdiches e que non sabes chegar á súa casa (pero faino sen reproducir a conversa anterior!)
2. A outra persoa terache que dar as indicacións (se son baseadas na realidade, será máis fácil) para que poidas chegar ao teu destino desde o lugar no que estás.
3. Usa fórmulas de cortesía (*desculpa, pódesme axudar?, moitas grazas...*).
4. Lembra que en galego se adoita responder co verbo a unha pregunta (por exemplo: —*Pódesme axudar?* —*Podo!*).

Deixade que flúa a imaxinación! O máis importante é que vos poidades atopar!

Actividade de síntese

Nesta unidade 4 aprendiches a preguntar para non perderte, a dar indicacións para chegar a diferentes lugares, a atopar lugares, obxectos e persoas, e vocabulario relacionado con esta temática...

1. Imaxina que estás a facer o Camiño de Santiago e chegas a Compostela e perdes o teu acompañante... Observade esta imaxe da praza do Obradoiro de Santiago de Compostela que aparece no libro *Camiño portugués da costa* de Noelia Muíños e Ramón Quintás e responde as cuestións que atoparás máis abaixo.
Se precisas ver a imaxe máis ampliada entra na seguinte ligazón:

<https://www.herculesediciones.com/libro/camino-portugues-de-costa/>



Escribe onde se atopan as seguintes persoas: (lembra empregar o vocabulario que aprendiches nesta unidade)

- neno cun globo

- muller paseando un can

- Carriño azul de bebé


- rapaza saltando nunha poza de auga

Agora, por parellas, buscade unha persoa e preguntade "Onde está?". O voso/a compañeiro/a terá que dar as indicacións para situalo na praza do Obradoiro.

Exemplo:


- Onde están os gaiteiros?
- Os gaiteiros están na praza do Obradoiro diante da porta que hai máis a dereita da imaxe.

2. O Camiño de Santiago portugués vai de Oporto ata Santiago de Compostela.



Busca as cidades por onde pasa o Camiño en Galicia e sitúaaas no seguinte mapa:

- | | | |
|------------|-------------|-----------------|
| - A Guarda | - Nigrán | - Pontevedra |
| - Oia | - Vigo | - Caldas de Rei |
| - Baiona | - Redondela | - Padrón |



Annex

Actividade 2: Indicacións para o profesorado

Ares é un concello da provincia da Coruña, na comarca de Ferrol. Está situado na ría de Betanzos. A Biblioteca e mais a Igrexa están na mesma praza. Ares ten peirao.



Actividade 3: Solución

Rúa San Marcos

Actividade 8: Indicacións para o profesor ou profesora

Nesta actividade emprégase a mensaxería instantánea para favorecer a comunicación libre e a espontaneidade. É mellor non ser estritos coa ortografía, aínda que convén fomentar e observar que se empreguen palabras galegas e estruturas propias do galego.

O docente pode intervir nas conversas para propoñer algunha solución se ve que o alumnado non sabe como resolver unha situación.

O mellor é que cada alumno acorde o papel que vai facer (de persoa que se perdeu ou de persoa que está na casa) e que despois poida facer o papel contrario, para ter a oportunidade de practicar o diálogo desde os dous puntos de vista.

Se as indicacións son reais (por exemplo, das casas dos alumnos ou dalgún dos seus lugares preferidos e, polo tanto, teñen referentes físicos da súa contorna próxima) será máis fácil levar a cabo a actividade e a aprendizaxe devirá realmente significativa.